

Educación Primaria

6º Curso

Programación didáctica 2021-2022

Nivel II de Concreción Curricular



Mercedes Acevedo Álvarez e M^a José Goñi Fortes

ÍNDICE DA PROGRAMACIÓN

	PARTE INTRODUTORIA DA PROGRAMACIÓN
	PARTE XERAL DA PROGRAMACIÓN
	PARTE ESPECÍFICA DA PROGRAMACIÓN

Nº	APARTADO DA PROGRAMACIÓN	PÁXINA
1.	<u>LIMIAR</u>	1
2.	<u>INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN DA CONTORNA SOCIOEDUCATIVA E DOS GRUPOS EDUCATIVOS</u>	2
3.	<u>OBXECTIVOS XERAIS DE EDUCACIÓN PRIMARIA</u>	5
4.	<u>CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE</u>	7
5.	<u>MÍNIMOS ESIXIBLES PARA O LOGRO DAS COMPETENCIAS CLAVE</u>	15
6.	<u>PROCEDEMENTOS, INSTRUMENTOS E CRITERIOS XERAIS DE AVALIACIÓN E PROMOCIÓN</u>	23
7.	<u>DIRECTRICES E INSTRUMENTOS PARA A REALIZACIÓN DA AVALIACIÓN INICIAL</u>	26
8.	<u>METODOLOXÍA EN COMPETENCIAS CLAVE: CRITERIOS METODOLÓXICOS E ESTRATEXIAS DIDÁCTICAS XERAIS</u>	28
9.	<u>ACTIVIDADES DE ENSINO-APRENDIZAXE: CRITERIOS XERAIS</u>	30
10.	<u>MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS. CONTEXTO COVID</u>	31
11.	<u>ACTIVIDADES DE ENSINO-APRENDIZAXE COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES</u>	35
12.	<u>MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE E INCLUSIÓN EDUCATIVA</u>	36
13.	<u>MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA</u>	40
14.	<u>CONCRECIÓN DOS ELEMENTOS TRANSVERSAIS DO CURRÍCULO</u>	42

15.	<u>ESTRATEGIAS E ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AOS PLANS DE CENTRO: CONVIVENCIA, PROXECTO LECTOR, PLAN TIC, PROXECTO LINGÜÍSTICO, PLAN DE IGUALDADE</u>	43
16.	<u>RELACIÓN DE OBXECTIVOS, CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS CLAVE POR CURSO</u> Perfil competencial xeral con tódolos estándares a traballar de todas as áreas de 5º de educación primaria	48
17.	<u>MAPA CURRICULAR DE ÁREA:</u> <u>CONCRECIÓN PARA CADA ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE AVALIABLE DA TEMPORALIZACIÓN E GRAO MÍNIMO DE CONSECUCCIÓN PARA SUPERAR A MATERIA.</u> <u>Perfis competenciais das área das distintas áreas curriculares de 5º curso de educación primaria :relación de criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe, bloque de contidos, competencias e instrumentos de avaliación</u> <ul style="list-style-type: none"> a. Matemáticas b. Ciencias naturais c. Ciencias sociais d. Lingua castelá e. Lingua galega f. Valores g. Educación artística <ul style="list-style-type: none"> i. Educación plástica 	53

1. LIMIAR

ADVERTENCIA PREVIA

A necesaria referencia ao contexto Covid que agardamos dea paso durante este curso ao contexto escolar de normalidade fai que o presente documento se complete con diferentes plans de centro, especialmente co PLAN DE ENSINO VIRTUAL que de ser o caso se implementaría nas aulas. É por eso que esta programación se presenta de modo provisional e será revisada e adaptada se as circunstancias o requiren ao principio do segundo trimestre deste curso escolar.

EQUIPO DOCENTE DO NIVEL

Ven sendo este curso académico un importante reto organizativo debido á pandemia producida pola COVID19. Na parte didáctica débense ter en conta, seguindo as instrucións de inicio de curso e o calendario escolar, referentes ata agora non incluídos como son as distintas modalidades de ensino (presencial, semipresencial e a distancia), unha avaliación inicial máis profunda e individualizada, o deseño de actividades competenciais globalizadas e a determinación, secuenciación e avaliación de saberes imprescindibles non acadados polo alumnado no pasado curso 2020-2021 para incluílos na programación do presente curso. Dende o conxunto do equipo docente traballaremos para planificar, implementar e avaliar, coa maior coherencia e adaptación ao noso contexto, o citado reto educativo. Serán esta programación, conxuntamente coas estratexias e actividades expresadas nos demais documentos de centro (Plan de Adaptación á situación COVID, Plan de Continxencia e Programa de Acolida, PXA, etc) os referentes da liña de ruta para acadar os fins prantexados.

No noso centro estamos a traballar dende hai uns anos no marco dunha educación que teña como referente pedagóxico principal as competencias clave , conforme coas directrices das actuais leis educativas LOE e LOMCE. A proposta pedagóxica que presentamos segue as directrices e esquema do actual decreto curricular para primaria, Decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia . Esta é a labor que presentamos a través deste documento. Todas as programacións de área dos distintos cursos de Educación Infantil e Primaria configuran o denominado **Proxecto de Concreción Curricular**, que non é outra cousa que a proposta educativa que xurde dende e para o noso centro integrando os referentes normativos, as indicacións da Inspección Educativa, as tendencias sociais e de innovación educativa, as decisións dos órganos colexiados e unipersoais do centro , as liñas educativas do proxecto do equipo directivo e o sentir da comunidade educativa.

Para a mesma seguiremos as indicacións e guións da Inspección Educativa (guión base), as propostas dos nosos equipos docentes e a Comisión de Coordinación Pedagóxica (CCP) e unha selección das aportacións de experiencias educativas interesantes e das editoriais, cando sexa oportuno. A nosa proposta pedagóxica trata de debuxar un mapa de relacións curriculares entre obxectivos, competencias clave, criterios de avaliación, bloque de contidos e estándares de aprendizaxe, coherente cunha educación de calidade, inclusiva e de carácter cooperativo. O mapa curricular otorga coherencia entre niveis e internivel á nosa proposta curricular.

A través dos distintos apartados desta programación e sempre dende unha visión global do proceso educativo, que cristalice nunhas motivadoras prácticas docentes diarias, iremos fixando os principios e métodos para levar a cabo unha programación coordinada entre etapas e niveis, coherente e viable.

2. INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN DA CONTORNA SOCIOEDUCATIVA E DOS GRUPOS EDUCATIVOS

O CEIP Escultor Acuña está ubicado no barrio de Coia na cidade de Vigo. A construción do edificio, na rúa Estrada, data do ano 1985. Ten en funcionamento 6 unidades de Educación Infantil e 13 unidades de Educación Primaria (liña 2, con un desdobre no 4º curso de educación primaria), sendo un referente na educación do alumnado xordo e hipoacúsico, estando habilitada unha unidade de educación especial, con 6 especialistas de AL e contando, actualmente, cunha especialista de PT no seu catálogo e outra mestra de PT de atención preferente. O colexio ofrece orientación psicopedagóxica, a tódolos alumnos que o requiren, transporte escolar con 3 liñas de autobús e comedor escolar. Ademais dunha serie de actividades extraescolares e aula matinal xestionada pola ANPA. Neste momento actual, o comedor e a aula matinal están en suspenso e pendente dunha nova regulación.

O ambiente socio-cultural e económico é valorado como medio-baixo. Dende a crise económica evidencianse dificultades económicas nas familias e certa desestructuración familiar. Obsérvanse numerosos casos de familias monoparentais, que en ocasións, afectan á educación dos seus fillos ou custodias compartidas non conciliadas. As familias participan regularmente no Centro, no ámbito de ANPA. De procedencias dispares, con intereses e expectativas diferentes ante a educación dos seus fillos e fillas, a relación familia/escola recae maioritariamente nas nais, aínda que se vai incrementando a participación dos pais na vida do centro. Nunha minoría de pais hai unha escasa axuda no seguimento no proceso educativo dos seus fillos. Nos últimos cursos escolares existe un aumento moi considerable de alumnado con trastornos do espectro autista que é coordinado moi positivamente polo departamento de orientación.

A situación do centro en canto ao profesorado é de certa estabilidade, experiencia docente e coñecemento da contorna do centro, o que permite unha continuidade nos plantexamentos de mellora nos que estamos inmersos. Por outro lado, aínda que temos profesorado interino e substituto que chega ao centro, tamén é certo que permanecen o tempo suficiente para adaptarse á dinámica e á liña pedagóxica do centro. É un obxectivo estratéxico do equipo directivo xerar un clima de cordialidade, benestar nas relacións dos profesionais do centro e da comunidade educativa que redunde nun entorno familiar, amable e conciliador. Dentro do traballo en equipo do profesorado, a colaboración considérase coma un elemento de innovación e calidade educativa. Actualmente hai un consenso acerca da necesidade de promover a cultura da colaboración dende tódolos sectores da comunidade educativa, xa que ofrece numerosos beneficios e se reflicte en tódolos aspectos da vida dos centros. Por exemplo, existe unha estreita relación entre o traballo colaborativo e o benestar do alumnado e do equipo docente, afectándose de maneira recíproca. A educación em emocións persoais e interpersoais e a cultura colaborativa supón valores opostos ao individualismo e á competición, moi presente na sociedade actual.

Esta programación didáctica, que se desglosa posteriormente, no terceiro nivel de concreción curricular, nas correspondentes unidades didácticas das programacións de aula, está contextualizada para os grupos de 6º curso A e B no presente curso académico 2021-2022. Son dous grupos con una ratio de 20 e 20 alumnos e alumnas.

No grupo A hai dous alumnos, un deles con TEA e cunha ACI e o outro diagnosticado polo Centro Menela como Asperger e diversos alumnos con apoios educativos (PT- AL-RE).

No grupo B hai un alumno cunha ACI con graves trastornos da aprendizaxe, outro con TEA (Asperger) e varios con necesidades que requiren atención específica de apoio educativo de AL e PT, entre eles unha nena repetidora.

Educación Primaria

6º Curso

3. Programación didáctica 2021-2022

Parte Xenérica



3. OBXECTIVOS XERAIS DE EDUCACIÓN PRIMARIA E RELACIÓN COAS COMPETENCIAS CLAVE

Conforme ao Decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia o traballo nas distintas áreas educativas co alumnado de Educación Primaria (6º) do noso centro contribuirá a desenvolver nos nenos e nas nenas as capacidades que lles permitan:

- a) Coñecer e apreciar os valores e as normas de convivencia, aprender a obrar de acordo con elas, prepararse para o exercicio activo da cidadanía e respectar os dereitos humanos, así como o pluralismo propio dunha sociedade democrática.
- b) Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza nun mesmo, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe, e espírito emprendedor.
- c) Adquirir habilidades para a prevención e para a resolución pacífica de conflitos, que lles permitan desenvolverse con autonomía no ámbito familiar e doméstico, así como nos grupos sociais cos que se relacionan.
- d) Coñecer, comprender e respectar as diferentes culturas e as diferenzas entre as persoas, a igualdade de dereitos e oportunidades de homes e mulleres, e a non-discriminación de persoas con minusvalidez.
- e) Coñecer e utilizar de xeito apropiado a lingua castelá e galega, e desenvolver hábitos de lectura.
- f) Adquirir en, polo menos, unha lingua estranxeira a competencia comunicativa básica que lles permita expresar e comprender mensaxes sinxelas, e desenvolverse en situacións cotiás.
- g) Desenvolver as competencias matemáticas básicas e iniciarse na resolución de problemas que requiran a realización de operacións elementais de cálculo, coñecementos xeométricos e estimacións, así como ser capaces de aplicarlos ás situacións da súa vida cotiá.
- h) Coñecer os aspectos fundamentais das ciencias da natureza, das ciencias sociais, da xeografía, da historia e da cultura.
- i) Iniciarse na utilización, para a aprendizaxe, das tecnoloxías da información e da comunicación, desenvolvendo un espírito crítico ante as mensaxes que reciben e elaboran.
- l) Utilizar diferentes representacións e expresións artísticas, e iniciarse na construción de propostas visuais e audiovisuais.
- m) Valorar a hixiene e a saúde, aceptar o propio corpo e o dos outros, respectar as diferenzas e utilizar a educación física e o deporte como medios para favorecer o desenvolvemento persoal e social.

- n) Coñecer e valorar os animais máis próximos ao ser humano e adoptar modos de comportamento que favorezan o seu coidado.
- ñ) Desenvolver as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións cos demais, así como unha actitude contraria á violencia, aos prexuízos de calquera tipo e aos estereotipos sexistas.
- o) Fomentar a educación viaria e actitudes de respecto que incidan na prevención dos accidentes de tráfico.

Cada un destes 14 obxectivos, está asociado, máis especificamente, a unha o varias competencias clave, aínda que dende todas elas debemos traballar cara o desenvolvemento de todos eles.

Así mesmo, a través do deseño das Unidades Didácticas correspondentes promoveranse todos estes obxectivos. O mapa de relacións curriculares, que figura con posterioridade na parte específica, será a clave para a súa consecución.

4. CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE

Un dos elementos básicos no actual currículo e, por tanto, nas programacións didácticas é a relación entre as áreas curriculares e a súa aportación ás competencias clave. Esta relación queda visible a través de elementos ponte como son os indicadores ou dimensións e, máis especificamente, os descritores das competencias clave, conxuntamente, cos criterios de avaliación e os estándares de aprendizaxe. Neste apartado determínase un esquema xeral das sete competencias clave e os seus elementos (indicadores ou dimensións e descritores), que servirán para entender e avaliar a adquisición das competencias clave e a súa configuración práctica nas unidades didácticas. Ao mesmo tempo amosa a contribución recíproca entre competencias clave e ás distintas áreas educativas.

ELEMENTOS BASICOS DAS COMPETENCIAS CLAVE: INDICADORES E DESCRITORES

COMPETENCIA	INDICADORES OU DIMENSIÓN	DESCRITORES
<i>Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía</i>	Coidado do medio ambiental e dos seres vivos	<ul style="list-style-type: none"> Interactuar co medio natural de xeito respectuoso. Comprometerse co uso responsable dos recursos naturais para promover un desenvolvemento sustentable. Respectar e preservar a vida dos seres vivos do seu ámbito. Tomar conciencia dos cambios producidos polo home no ámbito natural e as repercusións para a vida futura.
	Vida saudable	<ul style="list-style-type: none"> Desenvolver e promover hábitos de vida saudable en canto á alimentación e ao exercicio físico. Xerar criterios persoais sobre a visión social da estética do corpo humano fronte ao coidado saudable deste.

	A ciencia no día a día	<ul style="list-style-type: none"> • Recoñecer a importancia da ciencia na nosa vida cotiá. • Aplicar métodos científicos rigorosos para mellorar a comprensión da realidade circundante. • Manexar os coñecementos sobre <i>ciencia e tecnoloxía</i> para solucionar problemas e comprender o que acontece ao noso redor.
	Manexo de elementos matemáticos	<ul style="list-style-type: none"> • Manexar a linguaxe matemática con precisión en calquera contexto. • Identificar e manipular con precisión elementos matemáticos (números, datos, elementos xeométricos...) en situacións cotiás.
	Razoamento lóxico e resolución de problemas	<ul style="list-style-type: none"> • Aplicar os coñecementos matemáticos para a resolución de situacións problemáticas en contextos reais e en calquera materia. • Realizar argumentacións en calquera contexto con esquemas lóxico-matemáticos. • Aplicar as estratexias de resolución de problemas a calquera situación problemática.
<i>Comunicación lingüística</i>	Comprensión: oral e escrita	<ul style="list-style-type: none"> • Comprender o sentido dos textos escritos. • Captar o sentido das expresións orais: ordes, explicacións, indicacións, relatos... • Gozar coa lectura.
	Expresión: oral e escrita	<ul style="list-style-type: none"> • Expresar oralmente, de xeito ordenado e claro, calquera tipo de información. • Utilizar o coñecemento das estruturas lingüísticas, normas ortográficas e gramaticais para elaborar textos escritos. • Compoñer distintos tipos de textos creativamente con sentido literario.

	Normas de comunicación	<ul style="list-style-type: none"> • Respeitar as normas de comunicación en calquera contexto: quenda de palabra, escoita atenta do interlocutor... • Manexar elementos de comunicación non verbal, ou en diferentes rexistros nas diversas situacións comunicativas.
	Comunicación noutras linguas	<ul style="list-style-type: none"> • Entender o contexto sociocultural da lingua, así como a súa historia para un mellor uso desta. • Manter conversas noutras linguas sobre temas cotiáns en distintos contextos. • Utilizar os coñecementos sobre a lingua para buscar información e ler textos en calquera situación. • Producir textos escritos de diversa complexidade para o seu uso en situacións cotiáns ou de materias diversas.
<i>Competencia dixital</i>	Tecnoloxías da información	<ul style="list-style-type: none"> • Empregar distintas fontes para a busca de información. • Seleccionar o uso das distintas fontes segundo a súa fiabilidade. • Elaborar e publicitar información propia derivada de información obtida a través de medios tecnolóxicos.
	Comunicación audiovisual	<ul style="list-style-type: none"> • Utilizar as distintas canles de comunicación audiovisual para transmitir informacións diversas. • Comprender as mensaxes que veñen dos medios de comunicación.
	Utilización de ferramentas dixitais	<ul style="list-style-type: none"> • Manexar ferramentas dixitais para a construción de coñecemento. • Actualizar o uso das novas tecnoloxías para mellorar o traballo e facilitar a vida diaria. • Aplicar criterios éticos no uso das tecnoloxías.

<i>Conciencia e expresións culturais</i>	Respecto polas manifestacións culturais propias e alleas	<ul style="list-style-type: none"> • Mostrar respecto cara ás obras máis importantes do patrimonio cultural a nivel mundial. • Valorar a interculturalidade como unha fonte de riqueza persoal e cultural. • Apreciar os valores culturais do patrimonio natural e da evolución do pensamento científico.
	Expresión cultural e artística	<ul style="list-style-type: none"> • Expresar sentimentos e emocións desde códigos artísticos. • Apreciar a beleza das expresións artísticas e no cotián. • Elaborar traballos e presentacións con sentido estético.
<i>Competencias sociais e cívicas</i>	Educación cívica e constitucional	<ul style="list-style-type: none"> • Coñecer e aplicar dereitos e deberes da convivencia cidadá no contexto da escola. • Identificar as implicacións que ten vivir nun Estado social e democrático de dereito referendado por unha norma suprema chamada Constitución española.
	Relación cos demais	<ul style="list-style-type: none"> • Desenvolver a capacidade de diálogo cos demais en situacións de convivencia e traballo e para a resolución de conflitos. • Mostrar dispoñibilidade para a participación activa en ámbitos de participación establecidos. • Recoñecer riqueza na diversidade de opinións e ideas.
	Compromiso social	<ul style="list-style-type: none"> • Aprender a comportarse desde o coñecemento dos distintos valores. • Concibir unha escala de valores propia e actuar conforme a ela. • Evidenciar preocupación polos máis desfavorecidos e respecto aos distintos ritmos e potencialidades. • Involucrarse ou promover accións cun fin social.

<i>Sentido de iniciativa e espírito emprendedor</i>	Autonomía persoal	<ul style="list-style-type: none"> • Optimizar recursos persoais apoiándose nas fortalezas propias. • Asumir as responsabilidades encomendadas e dar conta delas. • Ser constante no traballo superando as dificultades. • Dirimir a necesidade de axuda en función da dificultade da tarefa.
	Liderado	<ul style="list-style-type: none"> • Xestionar o traballo do grupo coordinando tarefas e tempos. • Contaxiar entusiasmo pola tarefa e confianza nas posibilidades de acadar obxectivos. • Darlle prioridade á consecución de obxectivos grupais a intereses persoais.
	Creatividade	<ul style="list-style-type: none"> • Xerar novas e diverxentes posibilidades desde coñecementos previos do tema. • Configurar unha visión de futuro realista e ambiciosa. • Atopar posibilidades no medio que outros non aprecian.
	Emprendemento	<ul style="list-style-type: none"> • Optimizar o uso de recursos materiais e persoais para a consecución de obxectivos. • Mostrar iniciativa persoal para iniciar ou promover accións novas. • Asumir riscos no desenvolvemento das tarefas ou dos proxectos. • Actuar con responsabilidade social e sentido ético no traballo.
<i>Aprender a aprender</i>	Perfil de aprendiz	<ul style="list-style-type: none"> • Identificar potencialidades persoais como aprendiz: estilos de aprendizaxe, intelixencias múltiples, funcións executivas... • Desenvolver as distintas intelixencias múltiples. • Xestionar os recursos e as motivacións persoais en favor da aprendizaxe. • Xerar estratexias para aprender en distintos contextos de aprendizaxe.

	Ferramentas para estimular o pensamento	<ul style="list-style-type: none">• Aplicar estratexias para a mellora do pensamento creativo, crítico, emocional, interdependente...• Desenvolver estratexias que favorezan a comprensión rigorosa dos contidos.
	Planificación e avaliación da aprendizaxe	<ul style="list-style-type: none">• Planificar os recursos necesarios e os pasos que hai que realizar no proceso de aprendizaxe.• Seguir os pasos establecidos e tomar decisións sobre os pasos seguintes en función dos resultados intermedios.• Avaliar a consecución de obxectivos de aprendizaxe.• Tomar conciencia dos procesos de aprendizaxe.

CONTRIBUCIÓN DAS ÁREAS AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE

Descrición do noso modelo competencial

Na descrición do noso modelo competencial, incluímos o marco de descritores competenciais xa que supoñen unha reflexión e reconfiguración dos contidos desde un enfoque de aplicación que permita o adestramento destas (apartado anterior). As competencias non se estudan, nin se ensinan, adéstranse. Para iso debemos xerar tarefas de aprendizaxe onde lles permitamos aos alumnos a aplicación do coñecemento mediante metodoloxías de aula activas.

Abordar cada competencia de xeito global en cada unidade didáctica é inabarcable para iso cada unha rómpese en indicadores, grandes piares que permiten describila dun xeito máis preciso. Podemos atopar entre 3 e 6 indicadores por competencia.

Cada indicador segue sendo aínda demasiado xeral polo que o rompemos no que chamamos descritores da competencia que «describen» o alumno competente neste ámbito. Por cada indicador encontraremos entre 3 e 6 descritores redactados en infinitivo.

En cada unidade didáctica das programacións de aula concretaremos o descritor en desempeños competenciais (estándares de aprendizaxe) . O desempeño será o aspecto concreto da competencia que poderemos adestrar e avaliar de xeito explícito na unidade, será concreto e obxectivo e indícanos qué debemos observar nas actividades deseñadas para o seu adestramento . Estes descritores ou desempeños (estándares de aprendizaxe) terán distintos niveis de logro, que poderán avaliarse mediante instrumentos como as rúbricas avaliativas. Será na parte específica onde se concrete a súa temporalización e nivel de logro.

Respectando o tratamento específico nalgúns áreas, os **elementos transversais**, tales como, a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as tecnoloxías da información e da comunicación, o emprendemento e a educación cívica e constitucional traballaranse dende todas as áreas posibilitando e fomentando que o proceso de ensino-aprendizaxe dos alumnos sexa o máis completo posible.

Por outra banda, o desenvolvemento de **valores sociais** presentes tamén en todas as áreas axudará a que os nosos alumnos aprendan a desenvolverse desde uns determinados valores que constrúan unha sociedade ben consolidada na que todos poidamos vivir.

A diversidade de alumnos cos seus estilos de aprendizaxe diferente, levarannos a traballar desde as **diferentes potencialidades e intelixencias** que posúen, apoiándonos sempre nas súas fortalezas para poder darlles resposta ás súas necesidades.

Traballar as Competencias Clave supón abrir a área a propostas globais do coñecemento cunha visión interdisciplinar e con tarefas e actividades con utilidade social. Así mesmo a visión e o traballo competencial axuda a promover novas propostas didácticas e metodolóxicas xa que a amplifica a visión limitada referida ás áreas educativas soamente como contidos.

5. MÍNIMOS EXISIBLES PARA O LOGRO DAS COMPETENCIAS CLAVE 2021-2022

Neste apartado amosamos os criterios de avaliación que consideramos como referentes básicos para acadar un desenvolvemento óptimo das competencias clave.

ÁREA DE LINGUA GALEGA

SEXTO CURSO DE PRIMARIA

BLOQUE 1. COMUNICACIÓN ORAL. FALAR E ESCOITAR

- B1.1. Comprender textos orais sinxelos procedentes da radio, da televisión ou da internet, identificando os aspectos xerais máis relevantes así como as intencións, valores e opinións explícitos.
- B1.3. Interpretar correctamente a retransca, a ironía e os dobres sentidos, en situacións de comunicación nas que estes resulten bastante evidentes
- B1.6. Participar nas diversas situacións de intercambio oral que se producen na aula amosando valoración e respecto polas normas que rexen a interacción oral.
- B1.10. Amosar respecto e cooperación nas situacións de aprendizaxe en grupo.
- B1.12. Usar, de maneira xeral, unha linguaxe non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas.

BLOQUE 2. COMUNICACIÓN ESCRITA. LER

- B2.1. Comprender, buscar, localizar e seleccionar información explícita en textos escritos de soportes variados (webs infantís, libros, carteis) e iniciar a realización de inferencias para de-terminar intencións e dobres sentidos bastante evi-dentes.
- B2.3. Realizar o subliñado das ideas principais dun texto sinxelo, e esquematizar e resumir o seu contido
- B2.5. Utilizar as tecnoloxías da información para tratar a información nun texto sinxelo.
- B2.6. Realizar diferentes tipos de lectura.
- B2.7. Ler expresivamente textos de diversa tipoloxía (dramatizando cando é preciso) con fluidez e precisión, atendendo á dicción, entoación, intensidade de voz, ritmo e velocidade, adecuados ás diversas situacións funcionais da lec-tura en voz alta (ler para que alguén goce escoitando, ler para dar a coñecer un texto descoñecido, ler para compartir información que se acaba de localizar) facendo participar a audiencia da súa interpretación.
- B2.8. Usar as bibliotecas da aula e do centro, así como as virtuais, con certa autonomía, comprendendo como se organiza e colaborando no seu coidado e mellora.

BLOQUE 3. COMUNICACIÓN ESCRITA. ESCRIBIR

- B3.1. Usar, de maneira xeral, as estratexias de planificación, textualización e revisión do texto.
- B3.2. Crear textos sinxelos de diferente tipoloxía que permitan narrar, describir, resumir, explicar e expoñer opinións, emocións e informacións relacionadas con situacións cotiás e aqueles que sexan característicos dos medios de comunicación.
- B3.4. Elaborar textos breves e sinxelos con creatividade.
- B3.5. Usar as TIC, con certa autonomía, para a busca de información, tratamento dos textos e realización de presentacións
- B3.7. Coidar a presentación dos traballos escritos en calquera soporte e valorar a lingua escrita como medio de comunicación.

BLOQUE 4. COÑECEMENTO DA LINGUA

- B4.1. Utilizar terminoloxía lingüística e gramatical básica, funcionalmente, como apoio á comprensión e á produción de textos, así como aplicar o seu coñecemento no uso da lingua.
- B4.2. Coñecer e aplicar, de forma xeral, as normas ortográficas xerais e as de acentuación en particular, apreciando o seu valor social e a necesidade de cingirse a elas.
- B4.4. Recoñecer e empregar os conectores básicos, así como outros elementos de cohesión.
- B4.6. Transformar un texto narrativo sinxelo de estilo directo noutro de estilo indirecto.
- B4.7. Ampliar o vocabulario a partir do uso do dicionario e do traballo e reflexión sobre as palabras que conforman a lingua

BLOQUE 5. EDUCACIÓN LITERARIA

- B5.1. escoitar, memorizar, reproducir e valorar textos procedentes da literatura popular galega e da literatura galega en xeral.
- B5.2. Ler textos e obras en galego da literatura infantil, adaptacións breves de obras clásicas e literatura actual, adaptadas á idade e en diferentes soportes.
- B5.3. Identificar as características dos diferentes xéneros e as figuras literarias, así como temas recorrentes.
- B5.5. Participar activamente en dramatizacións de textos literarios.
- B5.7. Amosar interese, respecto e tolerancia ante las diferenzas persoais, sociais e culturais.

ÁREA DE LINGUA CASTELÁ

SEXTO CURSO DE PRIMARIA

BLOQUE 1. COMUNICACIÓN ORAL. FALAR E ESCOITAR

- B1.1. Participar en situacións de comunicación, dirixidas ou espontáneas, respectando as normas da comunicación: quenda de palabra, escoita atenta e incorporación ás intervencións dos e das demais
- B1.2. Integrar e recoñecer a información verbal e non verbal dos discursos orais.
- B1.3. Expresarse de forma oral para satisfacer necesidades de comunicación en diferentes situacións con vocabulario preciso e estrutura coherente.
- B1.5. Facer hipóteses sobre o significado de palabras a partir do seu contexto de uso.
- B1.7. Memorizar e reproducir textos axeitados aos seus gustos e intereses, utilizando con corrección e creatividade as distintas estratexias de comunicación oral.
- B1.8. Comprender textos orais segundo a súa tipoloxía: atendendo á forma da mensaxe (descritivos, narrativos dialogados, expositivos e argumentativos) e a súa intención comunicativa (informativos, literarios, prescritivos e persuasivos).

BLOQUE 2. COMUNICACIÓN ESCRITA. LER

- B2.1. Ler en voz alta diferentes textos, con fluidez e entoación adecuada.
- B2.2. Comprender distintos tipos de textos adaptados á idade e utilizando a lectura como medio para ampliar o vocabulario e fixar a ortografía correcta
- B2.4. Resumir un texto lido reflectindo a estrutura e destacando as ideas principais e secundarias nos distintos tipos de textos.
- B2.7. Utilizar as Tecnoloxías da Información e a Comunicación de modo eficiente e responsable para a procura e tratamento da información .

BLOQUE 3. COMUNICACIÓN ESCRITA. ESCRIBIR

- B3.1. Producir textos con diferentes intencións comunicativas con coherencia, respectando a súa estrutura e aplicando as regras ortográficas coidando a caligrafía, orde e presentación.
- B3.2. Aplicar todas as fases do proceso de escritura na produción de textos escritos de distinta índole: planificación, textualización, revisión e reescritura, utilizando esquemas e mapas conceptuais, aplicando estratexias de tratamento da información, redactando os seus textos con claridade, precisión e corrección e avaliando, coa axuda de guías, as producións propias e alleas.
- B3.3. Utilizar o dicionario como recurso para resolver dúbidas sobre a lingua, o uso ou a ortografía das palabras.
- B3.8. Utilizar as Tecnoloxías da Información e a Comunicación de modo eficiente e responsable para presentar as súas produción

- B3.6. Favorecer a través da linguaxe a formación dun pensamento crítico que impida discriminacións e prexuízos.

BLOQUE 4. COÑECEMENTO DA LINGUA

- B4.1. Aplicar os coñecementos básicos sobre a estrutura da lingua, a gramática (categorías gramaticais), o vocabulario (formación e significado das palabras e campos semánticos), así coma as regras de ortografía para favorecer unha comunicación máis eficaz.
- B4.3. Sistematizar a adquisición de vocabulario a través dos textos.
- B4.4. Desenvolver estratexias para mellorar a comprensión oral e escrita a través do coñecemento da lingua.
- B4.5. Utilizar programas educativos dixitais e outros recursos didácticos ao seu alcance e propios da súa idade para realizar tarefas e avanzar na aprendizaxe.

BLOQUE 5. EDUCACIÓN LITERARIA

- B5.1. Valorar os textos literarios e utilizar a lectura como fonte de lecer e información e considerala como un medio de aprendizaxe e enriquecemento persoal de máxima importancia.
- B5.2. Integrar a lectura expresiva e a comprensión e interpretación de textos literarios narrativos, líricos e dramáticos na práctica escolar e recoñecer e interpretar algúns recursos da linguaxe literaria (metáforas, personificacións, hipérboles e xogos de palabras), e diferenciar as principais convencións formais dos xéneros.
- B5.4. Producir a partir de modelos dados textos literarios en prosa ou en verso, con sentido estético e creatividade: contos, poemas, adiviñas, cancións, e fragmentos teatrais.
- B5.6. Participar con interese en dramatizacións de textos literarios adaptados á idade e de producións propias ou dos compañeiros, utilizando adecuadamente os recursos básicos dos intercambios orais e da técnica teatral

ÁREA DE LINGUA MATEMÁTICA

SEXTO CURSO DE PRIMARIA

BLOQUE 1. PROCESOS, MÉTODOS E ACTITUDES EN MATEMÁTICAS

- B1.3. Planificar e controlar as fases do método de traballo científico en situacións apropiadas ao seu nivel.
- B1.4. Desenvolver e cultivar as actitudes persoais inherentes ao traballo matemático.
- B1.6. Seleccionar e utilizar as ferramentas tecnolóxicas e estratexias para o cálculo para coñecer os principios matemáticos e resolver problemas.

BLOQUE 2. NÚMEROS

- B2.1. Ler, escribir e ordenar utilizando razoamentos apropiados, distintos tipos de números (romanos, naturais, fraccións e decimais ata as milésimas).
- B2.3. Realizar operacións e cálculos numéricos mediante diferentes procedementos, incluído o cálculo mental, facendo referencia implícita ás propiedades das operación, en situación de resolución de problema .
- B2.5. Utilizar os números enteiros, decimais, fraccionarios e as porcentaxes sinxelas para interpretar e intercambiar información en contextos da vida cotiá.
- B2.7. Iniciarse no uso das porcentaxes e a proporcionalidade directa para interpretar e intercambiar información e resolver problemas en contextos da vida cotiá.

BLOQUE 3. MEDIDA

- B3.1. Escoller os instrumentos de medida máis pertinentes en cada caso, estimando a medida de magnitudes de lonxitude, capacidade, masa e tempo facendo previsións razoables .
- B3.4. Utilizar as unidades de medida máis usuais, convertendo unhas unidades noutras da mesma magnitude, expresando os resultados en unidades de medida máis axeitadas, explicando oralmente e por escrito o proceso seguido e aplicándoo á resolución de problemas .
- B3.5. Coñecer o sistema sesaxesimal para realizar cálculos con medidas angulares.

BLOQUE 4. XEOMETRÍA

- B4.1. Utilizar as nocións xeométricas de paralelismo, perpendicularidade, simetría, xeometría, perímetro e superficie para describir e comprender situacións da vida cotiá.
- B4.3. Comprender o método de calcular a área dun paralelogramo, triángulo, trapecio e rombo. Calcular a área de figuras planas.

BLOQUE 5. ESTATÍSTICA E PROBABILIDADE

- B5.1. Recoller e rexistrar unha información cuantificable, utilizando algúns recursos.
- B5.2. Realizar, ler e interpretar representacións gráficas dun conxunto de datos relativos

ao contorno inmediato.

- B5.3. Facer estimacións baseadas na experiencia sobre o resultado (posible, imposible, seguro, máis ou menos probable) de situacións sinxelas nas que interveña o azar e comprobar o dito resultado.

ÁREA DE CIENCIAS NATURAIS

SEXTO CURSO DE PRIMARIA

BLOQUE 1. INICIACIÓN Á ACTIVIDADE CIENTÍFICA

- B1.1. Obter información relevante sobre feitos ou fenómenos previamente delimitados, facendo predicións sobre sucesos naturais integrando datos de observación directa e indirecta a partir da consulta de fontes directa e indirectas e comunicando os resultados en diferentes soportes.
- B1.3. Traballar de forma cooperativa, apreciando o coidado pola seguridade propia e a dos seus compañeiros/as, coidando as ferramentas e facendo uso adecuado dos materiais .

BLOQUE 2. O SER HUMANO E A SAÚDE

- B2.1. Identificar e localizar os principais órganos implicados na realización das funcións vitais do corpo humano e establecer algunhas relacións fundamentais entre elas e determinados hábitos de saúde.
- B2.2. Coñecer o funcionamento de células, tecidos, órganos, aparellos, sistemas: a súa localización, forma, estrutura, funcións, coidados etc.
- B2.3. Relacionar determinadas prácticas de vida co adecuado funcionamento do corpo, adoptando estilos de vida saudables e coñecendo as repercusións para a saúde.

BLOQUE 3. OS SERES VIVOS

- B3.1. Coñecer a estrutura dos seres vivos: células, tecidos, tipos, órganos, aparellos e sistemas: identificando as principais características e funcións.
- B3.2. Coñecer diferentes niveis de clasificación dos seres vivos, atendendo ás súas características e tipos.
- B3.3. Investigar as características de ecosistemas do seu contorno mediante a recollida de datos, facendo hipóteses, empregando diversas fontes de información e presentando os resultados en diferentes soportes, mostrando interese pola rigorosidade e hábitos de respecto e coidado cara aos seres vivos .

BLOQUE 4. MATERIA E ENERXÍA

- B4.1. Coñecer leis básicas que rexen fenómenos como a reflexión da luz, a transmisión da corrente eléctrica, os cambios de estado e as reaccións químicas: a combustión, a oxidación e a fermentación.
- B4.2. Coñecer as características das fontes de enerxía e materias primas renovables e non renovables e relacionalas co desenvolvemento enerxético e sostible.
- B4.4. Realizar experiencias sinxelas e pequenas investigacións sobre diferentes fenómenos físicos e químicos da materia .

BLOQUE 5. A TECNOLOXÍA, OBXECTOS E MÁQUINAS

- B5.1. Coñecer os principios básicos que rexen as máquinas e os aparellos.
- B5.3. Realizar experiencias sinxelas para coñecer as leis básicas que rexen a transmisión da corrente eléctrica.
- B5.4. Coñecer os principais avances da ciencia e da tecnoloxía. Identificar os beneficios e riscos.

ÁREA DE CIENCIAS SOCIAIS

SEXTO CURSO DE PRIMARIA

BLOQUE 1. CONTIDOS COMÚNS

- B1.2. Utilizar as tecnoloxías da información e a comunicación para obter información e como instrumento para aprender, e expresar contidos sobre Ciencias sociais .
- B1.4. Realizar traballos e presentacións a nivel individual e grupal que supoñan a busca, selección e organización de textos de carácter social, xeográfico ou histórico, amosando habilidade para traballar tanto individualmente como de maneira colaborativa dentro dun equipo.
- B1.9. Desenvolver a creatividade e o espírito emprendedor aumentando as capacidades para aproveitar a información, as ideas e presentar conclusións innovadoras .

BLOQUE 2. O MUNDO QUE NOS RODEA

- B2.1. Describir correctamente planos e mapas, incluíndo os planisferios, interpretando a súa escala e signos convencionais.
- B2.3. Explicar que é unha paisaxe, identificar os principais elementos que o compoñen e as características dos principais paisaxes de España e de Europa.
- B2.4. Identificar as principais unidades de relevo de Europa, os seus climas e a súa rede hidrográfica, localizándoos nun mapa.
- B2.6. Explicar as consecuencias que teñen as nosas accións sobre o clima e o cambio

climático.

BLOQUE 3. VIVIR EN SOCIEDADE

- B3.1. Identificar a estrutura e os fins da Unión Europea, explicando algunhas vantaxes derivadas do feito de formar parte da Unión Europea.
- B3.2. Comprender e interpreta os principais conceptos demográficos e calculalos a partires dos datos de poboación.
- B3.3. Distinguir as principais características española e europea, explicando a súa evolución e a súa distribución demográfica e representándoa graficamente.
- B3.5. Identificar as actividades que pertencen a cada un dos sectores económicos, describir as características destes recoñecendo as principais actividades económicas de España e Europa.

BLOQUE 4. AS PEGADAS DO TEMPO.

- B4.1. Explicar as características de cada tempo histórico e certos acontecementos que determinaron cambios fundamentais no rumbo da historia.
- B4.3. Utiliza as nocións básicas de sucesión, duración e simultaneidade para ordenar temporalmente algúns feitos históricos e outros feitos relevantes
- B4.5. Valorar a importancia dos museos, sitios e monumentos históricos como espazos onde se ensina e aprende, amosando unha actitude de respecto á súa contorna e á súa cultura, apreciando a herdanza cultural.

6. PROCEDIMENTOS, INSTRUMENTOS E CRITERIOS XERAIS DE AVALIACIÓN E PROMOCIÓN

Baixo a regulación da *ORDE do 9 de xuño de 2016 pola que se regula a avaliación e a promoción do alumnado que cursa educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia*, deseñamos a nosa proposta avaliativa.

1. CRITERIOS SOBRE A AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO

❖ **Avaliación: Partiremos inicialmente dos criterios establecidos no Decreto de Primaria e na súa Orde de Avaliación.**

1. Os referentes para a valoración do grao de adquisición das competencias e o logro dos obxectivos da etapa nas avaliacións continua e final das disciplinas troncais, específicas e de libre configuración autonómica serán os criterios de avaliación e os estándares de aprendizaxe avaliáveis que figuran nos anexos I, II e III do Decreto 105/2014, do 4 de setembro.

2. A avaliación dos procesos de aprendizaxe do alumnado será continua e global, e terá en conta o seu progreso no conxunto das áreas.

3. Estableceranse as medidas máis axeitadas para que as condicións de realización das avaliacións, se adapten ás necesidades do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.

4. No contexto do proceso de avaliación continua, cando o progreso dun alumno ou dunha alumna non sexa o axeitado estableceranse medidas de reforzo educativo. Estas medidas adoptaranse en calquera momento do curso, tan pronto como se detecten as dificultades, e estarán dirixidas a garantir a adquisición das competencias imprescindibles para continuar o proceso educativo.

5. Os mestres e as mestras avaliarán tanto as aprendizaxes do alumnado como os procesos de ensinanza e a súa propia práctica docente, para o que establecerán indicadores de logro nas programacións docentes.

6. Co fin de garantir o dereito dos alumnos e alumnas a que o seu rendemento sexa valorado conforme criterios de plena obxectividade, recollido na ORDE de 2 de marzo de 2021, os centros docentes adoptarán as medidas precisas para facer públicos e comunicar ás familias os criterios de avaliación, os

estándares de aprendizaxe avaliáveis, as estratexias e instrumentos de avaliación, así como os criterios de promoción.

8. Co fin de facilitar a transición desde a educación primaria á educación secundaria obrigatoria, os centros docentes prestaranlle unha especial atención á coordinación entre ambas as dúas etapas, para salvar as diferenzas pedagóxicas e organizativas e os desaxustes que se poidan producir no progreso académico do alumnado, para o que se terá en conta, entre outros mecanismos, o informe indicativo do nivel obtido na avaliación final de etapa.

10. Ao longo do curso escolar haberá tres avaliacións parciais: 22 de decembro de 2021 , 25 de marzo e 22 de xuño de 2022 coa conseguinte entrega ao alumnado e as súas familias dos boletins informativos.

❖ Promoción

1. O alumno ou a alumna accederá ao curso ou á etapa seguinte sempre que se considere que logrou os obxectivos que correspondan ao curso realizado ou os obxectivos da etapa, e que alcanzou o grao de adquisición das competencias correspondentes. De non ser así, poderá repetir unha soa vez durante a etapa, cun plan específico de reforzo ou recuperación e apoio.

A repetición considerárase unha medida de carácter excepcional e tomarase tras esgotar o resto das medidas ordinarias de reforzo e apoio para resolver as dificultades de aprendizaxe do alumnado.

2. O equipo docente adoptará as decisións correspondentes sobre a promoción do alumnado tomando especialmente en consideración a información e o criterio do profesorado titor. Atendendo especialmente aos resultados das avaliacións individualizadas .

Criterios de promoción individualizada en primaria:

Tendo en conta que a finalidade fundamental da educación escolar é que o alumno desenvolva as competencias básicas, cada alumno necesitará pois dun estudo individualizado e cualitativo de acordo cos factores académicos, sociais e familiares , de carácter, de capacidade, de interese, de motivación, etc. En consecuencia, nos casos difíciles, poderanse arbitrar adaptacións curriculares que permitan resolver estas dificultades tanto se se decide a promoción do alumno coma se non. Segundo estas premisas o titor, ao final de cada curso e axudado polo resto do equipo docente, propondrá na avaliación de cada alumno as seguintes posibilidades:

1. Que o alumno acade a cualificación positiva en todas as áreas. Neste caso promociona de curso ou etapa.
2. Que o alumno xa teña repetido unha vez na etapa polo que non pode repetir máis. Neste caso promocionará de curso ou etapa por imperativo legal.
3. Que o alumno non acade a avaliación positiva en todas as áreas. Neste caso considerarase a conveniencia de que o alumno promocione ou non ao curso ou etapa seguinte, a partires da análise dos seguintes aspectos:
 - a. Valoración do progreso en cada unha das áreas. O carácter global da avaliación na Educación Primaria, permite que o profesorado poida adoptar medidas de promoción valorando o distinto peso formativo que poidan ter as distintas áreas. Pode darse o caso de que determinados alumnos promocionen con avaliación negativa nunha ou varias áreas. Con todo, convén matizar nestes casos as carencias específicas.
 - b. A conveniencia de permanecer nun curso determinado para acadar con maior solidez as aprendizaxes básicas, especialmente polo que se refire aos primeiros cursos, no que o alumno vai a aprender as técnicas instrumentais que lle serán imprescindibles para progresar nos seguintes.
 - c. As repercusións, positivas ou negativas, que o cambio de grupo pode ter sobre o alumno, segundo o seu grao de integración, carácter e personalidade.
 - d. A conduta do alumno e a influencia que puidera ter a mesma no seu grupo se promociona, ou no grupo novo se non o fai.
 - e. A actitude cara o traballo, o progreso e o esforzo en función das súas capacidades.
 - f. A opinión de pais ou titores legais, que serán informados e escoitados previamente das medidas que se tomen.
 - g. A consulta ó Departamento de Orientación do Centro nos casos que proceda.
 - h. Calquera outra consideración particular que poida ser oportuna.

A decisión de repertición de curso será consensuada co equipo docente e co departamento de orientación e estará supedita a unha avaliación criterial de mínimos a superar que estará reflexada na programación didáctica en cada curso académico.

DIRECTRICES E INSTRUMENTOS PARA A REALIZACIÓN DA AVALIACIÓN INICIAL

Ao longo da segunda quincena do mes de Setembro realizarase a avaliación do alumnado e do grupo co obxecto de recoller información precisa a nivel cognitivo, social, emocional e familiar do alumnado en particular e do grupo-clase en xeral. O departamento de orientación marcará as pautas e os instrumentos desta avaliación inicial.

Esta avaliación diagnóstica utilizará os seguintes instrumentos avaliativos:

INSTRUMENTO AVALIATIVO	OBXECTIVO
Informes escolares individualizados	Recoller información académica e de rendemento educativo
Entrevistas familiares	Recoller información do contexto sociofamiliar e nivel de cooperación escolar
Entrevistas do alumnado	Recoller información persoal do alumnado: axenda semanal, preferencias escolares, obxectivos persoais, dificultades, compromisos.
Probas orais de cálculo mental, resolución de problemas, competencia comunicativa	Valoración da capacidade lóxica e situación inicial ante as novas esixencias da área.
Probas escritas sobre os contidos da área segundo modelos de avaliación competencial	Valoración do nivel e logro na área matemática e aplicación de saberes nos usos sociais.
Probas de cohesión grupal, de detección de problemas emocionais	Valoración da fortaleza do sociograma de aula, dos vínculos, fortalezas e debilidades do grupo.

Ao remate desta avaliación inicial, se realizará unha programación didáctica axeitada as necesidades e requirimentos do alumnado en relación ao currículo escolar.

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

Coa idea de obxectivizar a avaliación do alumnado e avaliar toda a súa esfera persoal e de aprendizaxe curricular, os equipos docentes cremos conveniente enriquecer as ferramentas avaliativas e concretar o seu porcentaxe calificativo. En cada unidade didáctica figurarán, de xeito expreso, estes criterios e a súa porcentaxe de cualificación. Deixamos aquí, referente de cualificación xeral, para o sexto curso de primaria:

FERRAMENTAS DE AVALIACIÓN	PORCENTAXE NA CUALIFICACIÓN
Logro académico global	70% da cualificación
1. Cumprimento de estándares e probas escritas e orais.	
2. Cumprimento das tarefas escolares e extraescolares.	
3. Traballos do alumno/a no porfolio de aprendizaxe (cadernos, libros de actividades, proxectos de centro...)	
Participación diaria na construción de aprendizaxes	30% da cualificación
4. Participación nos proxectos de grupo.	
5. Participación no traballo en equipo.	
6. Responsabilidade no coidado do material e instalacións.	
Cualificación total	100%

Todo quedará recollido no boletín informativo para as familias como notas numéricas e nos informes internos de mediados de trimestre de cada nivel educativo (preavaliación trimestral). Este boletín informativo remitirase trimestralmente á familia, e o seu obxectivo é que os pais/ titores coñezan a evolución dos seus fillos. A nota final de curso ven dada pola media ponderada das tres avaliacións.

Para a realización da avaliación ordinaria:

- No caso de que as tres avaliacións figuren como aprobadas a media de cualificación será ponderada, primando á terceira avaliación.
- No caso de que as tres avaliacións estean suspensas a ordinaria figurará como suspensa.
- No caso de que a so sexa a terceira avaliación a suspensa farase unha avaliación individual de criterios mínimos esixibles da área, consignando a nota como “Aprobado” se o 70% dos criterios están conseguidos.
- No caso de que a terceira avaliación estea aprobada pero as anteriores (algunha ou ambas) suspensas a cualificación final será “Aprobado” sempre que a evolución continua do alumno/a mostre que acadada a maioría dos criterios mínimos esixibles da área.

A nosa avaliación nesta etapa escolar será continua e global e levarase a cabo tendo en conta os obxectivos e criterios de cualificación establecidos no currículo.

Ao longo deste curso 2021-2022, e a través da Comisión de Coordinación Pedagóxica, farase especial fincapé na regulación da avaliación, desenvolvendo para o centro a ORDE de 2 de marzo de 2021 da LOMLOE pola que se regula o dereito do alumnado á obxectividade na avaliación, o procedemento para de reclamación de calificacións, as decisións de promoción e a obtención do título académico de Infantil e Primaria.

METODOLOXÍA EN COMPETENCIAS CLAVE: CRITERIOS METODOLÓXICOS E ESTRATEXIAS DIDÁCTICAS XERAIS

Traballar de xeito competencial na aula supón un cambio metodolóxico importante; o docente pasa a ser un xestor de coñecemento do alumnado e o alumno adquire un maior grao de protagonismo. No noso centro existe un compromiso en vencellar as aprendizaxes curriculares coa realidade e darlles un sentido social onde docente e alumnado teñan protagonismo activo.

Nalgúns aspectos das áreas, sobre todo naqueles que pretenden o uso sistemático de procesos colectivos, o **traballo en grupo cooperativo** achega, ademais do adestramento de habilidades sociais básicas e enriquecemento persoal desde a diversidade, unha ferramenta perfecta para discutir e afondar en contidos dese aspecto. Dende hai varios cursos estamos a desenvolver accións de equipos colaborativos nos distintos grupos de infantil e primaria, sendo unha das liñas básicas do noso proxecto

educativo. Neste curso seguiremos incidindo no traballo colaborativo sen menoscabar as prevencións do Protocolo de adaptación á situación da COVID 19.

Por outra banda, cada alumno parte dunhas potencialidades que definen as súas intelixencias predominantes, enriquecer as tarefas con actividades que se desenvolvan dende a **teoría das intelixencias múltiples** facilita que todo o alumnado poidan chegar a comprender os contidos que pretendemos adquirir para o desenvolvemento dos obxectivos de aprendizaxe. Neste lugar terá moita presenza a creatividade persoal e a diverxencia cognitiva na busca de solucións. Nas áreas de Matemáticas, Ciencias e Linguas é indispensable a **vinculación a contextos reais**, así como xerar posibilidades de aplicación dos contidos adquiridos (**uso social do coñecemento**). Para iso, as tarefas competenciais facilitan este aspecto, que se podería complementar con proxectos de aplicación dos contidos.

A **manipulación de materiais** debe ser unha constante nas actividades científicas e matemáticas, así como, o **acceso ás novas tecnoloxías**. Permitindo que o alumno estableza vínculos reais entre os coñecementos e o seu día a día.

O docente actuará como orientador, promotor e facilitador do desenvolvemento competencial no alumnado; ademais, enfocará a **realización de tarefas ou situacións-problema** plantexadas cun obxectivo concreto, que o alumnado debe resolver facendo un uso adecuado dos distintos tipos de coñecementos, destrezas, actitudes e valores; así mesmo, deben ter en conta a atención á diversidade e o respecto polos distintos ritmos e estilos de aprendizaxe mediante prácticas de traballo individual e cooperativo.

Sobre a inclusión das competencias como elemento esencial do currículo é preciso sinalar que calquera das metodoloxías seleccionadas polo docente, para favorecer o desenvolvemento competencial do alumno/alumna, debe axustarse ao nivel competencial inicial de estos. Ademais, é necesario a ensinanza de tal modo que se parta das aprendizaxes máis simples para avanzar gradualmente cara outras máis complexas.

As metodoloxías activas apoiaranse en estruturas de aprendizaxe cooperativo, de forma que, a través da resolución conxunta de tarefas, os membros do grupo coñezan as estratexias empregadas polos seus compañeiros/as e poidan aplicarlas en situacións similares.

Para un proceso de ensinanza –aprendizaxe competencial as estratexias interactivas son as máis adecuadas, ao permitir compartir e construír o coñecemento e dinamizar a sesión das clases mediante o intercambio verbal e colectivo de ideas.

O traballo por proxectos, especialmente relevante para o aprendizaxe por competencias baséanse na proposta dun plan de acción co que se busca conseguir un determinado resultado práctico. Esta metodoloxía pretende axudar ao alumnado a organizar o seu pensamento favorecendo a reflexión, a crítica, a elaboración de hipóteses e a tarefa investigadora a través dun proceso no que cada un asume a responsabilidade dun aprendizaxe, aplicando os seus coñecementos e habilidades a proxectos reais. Favorécese, por tanto, un aprendizaxe orientado á acción no que se integran varias áreas ou materias.

Finalmente, é necesario, unha adecuada coordinación entre os docentes sobre as estratexias metodolóxicas, didácticas que se empreguen. Dende os equipos educativos plantexarase unha reflexión común e compartida sobre a eficacia das diferentes propostas metodolóxicas con criterios comúns e consensuados. Os equipos de nivel de 5º e 6º de primaria traballaremos de xeito coordinado para manter criterios metodolóxicos e avaliativos comúns.

ACTIVIDADES DE ENSINO-APRENDIZAXE: CRITERIOS XERAIS

No CEIP Escultor Acuña estamos a traballar na superación dun modelo tradicionalista baseado, maioritariamente, en actividades tipo exercicio a un modelo de transición que nos leve a actividades onde o modelo competencial da educación intégrase nas nosas prácticas diarias:

- Enfoque constructivista en Educación Infantil
- Grupos cooperativos en Educación Primaria
- Titorización entre iguais
- Actividades e tarefas con enfoque práctico e social
- Proxectos e minoproxectos de área
- Proxectos globalizados interáreas
- Portfolios persoais e de aula
- Tarefas de cooperación entre aulas
- Autoavaliacións, reflexións colectivas sobre a aprendizaxe, coavaliacións

No actual contexto COVID as actividades dixitais e de carácter globalizador terán ampla presenza na nosa Aula Virtual.

MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

En relación a un modelo competencial, utilizaremos esta proposta, sempre aberta, de materiais e recursos para xestionar o proceso de ensino e aprendizaxe:

❖ **Recursos didácticos:**

✓ Material impreso

- Libros de texto do alumnado.
- Guía do profesorado.
- Caderno de actividades.
- Fichas de reforzo e ampliación.
- Láminas e murais.
- Dicionarios nas linguas correspondentes.
- Prensa (recortes de periódicos, revistas, etc).

✓ Material tecnolóxico e audiovisual

- Ordenadores.
- Aula Virtual do centro
- Dominio educativo en Gsuite
- Pizarra dixital.
- Libro dixital.
- CDs e DVDs.
- Procesadores de texto.
- Páxinas web.
- Blog do colexio.

❖ **Recursos ambientais:**

- Biblioteca de aula e de centro.
- Aula de informática.
- Patio.
- Ximnasio para a área de Educación Física.
- Aula de música

➤ **Recursos persoais**

- Profesorado especialista de Pedagogía Terapéutica (PT) e Audición e Linguaxe (AL).
- Visitas de diferentes escritores das obras lidas durante o curso.
- Talleres ou obradoiros a cargo de profesionais externos ao centro.

❖ Outros

- Elementos da súa realidade social (folletos, facturas, maquetas, planos...)
- Material da vida diaria das familias
- Material didáctico elaborado polo propio alumnado e o profesorado.

Dependendo da área, empregaranse distintos materiais e recursos tales como:

- **Na área de Educación Artística (Plástica):** témperas, pinceis, lápices de cores, rotuladores, materiais de reciclaxe, cartolinas, papel continuo, texoiras, etc.
- **Na área de Educación Artística (Música):** Audicións, cadernos de pentagramas, diferentes instrumentos musicais, etc.
- **Na área de Matemáticas:** Instrumentos para a pizarra (regra, compás, transportador, escuadra e cartabón); corpos xeométricos (conos, prismas, cilindros, esfera, cubos e pirámides); cintas métricas; reloxos; básculas; moedas e billetes; ábaco, etc.
- **Na área de Lingua Extranxeira (Inglés):** CDs con audicións en lingua inglesa, pizarra dixital con diversos recursos interactivos, flashcards, cancións en inglés, role-plays, etc.
- **Na área de Educación Física:** Emplearase **material convencional** (aros; balóns e pelotas de espuma, de minibasket, de minibalonmán, de fútbol, de voleibol, de tenis, bolas de unihockey; conos; cordas; canicas; discos voadores; indiacas; palas de praia; raquetas de ping-pong; volantes; globos; banastas; redes portabalóns; sticks e bates de béisbol; bancos suecos, canastas, quitamedos, colchonetas, esterillas, espaldeiras, pelotas xigantes, potro, plintos, barra de equilibrio, porterías e redes, saltómetros, postes de voleibol e bádminton, alturómetro, vallas e porterías de unihockey) e **material non convencional** (barredoiras, teas, gomas, báscula, radio-cd, cronómetro, botellas de plástico, caixas de cartón, cartóns, latas, neumáticos, xornais, papel de aluminio, tetra-bricks, sacos, chapas, botellas lastradas, palas de madeira, pelotas, palos ,etc).
- **Neste curso a utilización deste material seguirá a estar condicionada polos distintos procedementos de hixiene referidos no Protocolo Covid de centro**

AVALIACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA: INDICADORES DE LOGRO

Neste apartado pretendemos promover a reflexión docente e a autoavaliación da realización e desenvolvemento de programación didácticas. Para iso ao rematar cada unidade didáctica propónse un cuestionario que lle permitan ao docente avaliar o funcionamento do programado na aula e establecer estratexias de mellora para a propia unidade. Ase mesmo, en cada sesión trimestral avaliativa se realizará unha avaliación conxunta do profesorado.

De igual xeito, propoñemos unha ferramenta para a avaliación da programación didáctica no seu conxunto que poderase realizar ao final de cada trimestre para recoller as melloras no seguinte rexistro.

ASPECTOS QUE SE VAN AVALIAR	O QUE HAI QUE DESTACAR...	O QUE HAI QUE MELLORAR...	PROPOSTAS DE MELLORA PERSOAL
Temporalización das unidades didácticas			
Desenvolvemento dos obxectivos didácticos			
Manexo dos contidos na unidade			
Descritores e desempeños competenciais			
Realización de tarefas			
Estratexias metodolóxicas seleccionadas			
Uso social das aprendizaxes			
Porcentaxe de alumnado que consegue o desenvolvemento básico das competencias clave da unidade			

Valoración dos recursos empregados			
Claridade nos criterios de avaliación			
Uso de diversas ferramentas de avaliación			
Portfolio de evidencias dos estándares de aprendizaxe			
Atención á diversidade			
Colaboración das familias			

ACTIVIDADES DE ENSINO-APRENDIZAXE EXTRAESCOLARES E DE RECUPERACIÓN

Para desenvolver as actividades extraescolares seguiranse os criterios establecidos na Comisión de Coordinación Pedagóxica (CCP). Estes inciden en facilitar a coordinación familia- escola, a conciliación familiar, e a responsabilidade educativa do alumnado e da familia. As actividades serán distribuídas ao longo da semana, tentando buscar actividades e tarefas motivantes e creativas ao mesmo tempo que xeren hábitos de traballo e estudio persoal. Dende as titorías farase un seguimento da evolución das actividades co obxecto de personalizalas segundo as necesidades do alumnado e dende o Departamento de Orientación realizaremos avaliacións do éxito nas aprendizaxes e na conciliación familiar.

AULA VIRTUAL

Este curso é tendo en conta a peculiar situación da pandemia, algunhas actividades extraescolares serán encauzadas a través da aula virtual. Cada semana o equipo educativo publicará a secuencia de actividades que o alumnado deberá realizar ao longo da semana como reforzo das aprendizaxes e ou entregar na aula ordinaria.

EVIDENCIAS PARA O PORTFOLIO

Para rexistrar as evidencias de aprendizaxe vinculadas aos estándares utilizaremos, entre outras ferramentas, os portfolios de aprendizaxe na aula. Ao longo das distintas unidades didácticas iremos planificando a realización e recollida de produtos que amose o nivel de consecución do estándar e a evolución deste ao longo do curso.

As evidencias que podemos recoller nas áreas curriculares poden ser:

- Actividades do libro ou da guía que traballen explicitamente sobre os estándares definidos na unidade. (caderno de aula)
- Murais colectivos, mapas mentais ou conceptuais elaborados polos alumnos.
- Produtos de aprendizaxe deseñados en tarefas de aplicación nun contexto real: unidades de medida deseñadas por eles, o deseño dun obxecto con figuras xeométricas, murais, traballos de aplicación das tarefas...
- Probas escritas que recollan os estándares de aprendizaxe.

- . Traballos colectivos e de investigación social
- . Rexistros de exposicións
- Problemas de aplicación de contidos nos que cómpre o desenvolvemento do razoamento lóxico.
- Ferramentas de autoavaliación e coavaliación do traballo na aula.

MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE E INCLUSIÓN EDUCATIVA

MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Ao amparo do establecido no Real Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

Deberán diferenciarse os alumnos/as que requiren **medidas ordinarias**, todas aquelas que faciliten a adecuación do currículo prescritivo sen **alteración significativa** dos seus obxectivos, contidos e criterios de avaliación, ao contexto sociocultural dos centros educativos e ás características do alumnado:

- ✓ En primeiro lugar, deberán cubrirse a adecuación da estrutura organizativa do centro (horarios, agrupamentos, espazos) e da organización e xestión da aula ás características do alumnado. Ademais, teranse en conta a adecuación das programacións didácticas ao contorno e ao alumnado.
- ✓ En segundo lugar, teranse en conta a posta en práctica de metodoloxías baseadas no traballo colaborativo e grupos heteroxéneos, tutoría entre iguais, aprendizaxe por proxectos e outras que promovan a inclusión.
- ✓ En terceiro lugar, haberá unha aula de convivencia, á que serán asignados aqueles alumnos que presenten unha conducta disruptiva e baixo a supervisión do profesor de garda farán os traballos que lles asigne o mestre. Os pais deben ser avisados destas condutas e a súa correspondente sanción.
- ✓ En cuarto lugar, deberá prestárselles unha atención especial a aqueles alumnos que requiran reforzo educativo e apoio do profesorado con dispoñibilidade horaria. Salientando os programas de reforzo nas áreas instrumentais básicas o plan específico de reforzo ou recuperación e apoio para E.Primaria.
- ✓ En quinto lugar, haberá un Programa de habilidades sociais elaborado polo Equipo de Orientación, que servirá para que todo o alumnado utilice ou incorpore estratexias para comunicarse e afrontar

adecuadamente aquelas situacións de conflito ás que poida verse exposto na súa vida escolar e social. Este programa foi elaborado e porase en práctica co alumnado que sexa remitido reiteradamente á aula de convivencia. Coa finalidade de correxir condutas disruptivas e mellorar a integración no centro educativo. Dito programa está incorporado ao plan de acción tutorial.

- ✓ Ademais, nalgúns casos aplicaranse **medidas extraordinarias** que poden requirir modificacións significativas do currículo ordinario e/ou supoñer cambios esenciais no ámbito organizativo, así como, de ser o caso, nos elementos de acceso ao currículo ou na modalidade de escolarización.

Entre estas medidas están:

- A realización ou renovación de Adaptacións curriculares (ACIs).

Criterios xerais de intervención

No noso centro a atención á diversidade está organizada e consensuada dende o Departamento de Orientación. Todas as medidas de apoio, reforzo ou de adaptación ao currículo que realizan os especialistas de audición e linguaxe, pedagogía terapéutica e profesores de apoio, están coordinados, tras unha avaliación previa, dende o citado departamento, a titoría e a familia.

As distintas estratexias pedagóxicas iniciais a levar a cabo neste apartado están derivadas, polo tanto, da avaliación diagnóstica e das fortalezas e debilidades descubertas no grupo, a nivel xeral e nas individualidades. O alumnado recibirá tres niveis de medidas de atención educativa:

- Apoios e reforzos na aula e en aulas específicas, de ser o caso. (RE)
- Medidas de reforzo escolar no ámbito da familia (REF)
- Medidas de adaptación curricular (ACI)

As medidas de apoio educativa seguirán este procedemento:

- Detección de necesidades educativas por parte da titoría ou especialistas
- Avaliación a través do Departamento de Orientación
- Apoio e reforzo educativo realizado dos especialistas (AL e PT) e profesorado de apoio
- Avaliación da intervención educativa a través do Departamento de Orientación e da Comisión de Coordinación Pedagóxica (CCP).

Así mesmo, establecemos reunións e comunicacións cos gabinetes de apoio ao alumnado en horario externo co fin de unificar criterios na intervención educativa, de ser o caso .

Criterios xerais de intervención sobre o grupo

Con posterioridade, nas distintas unidades didácticas faremos relación ao número de alumnos e alumnas no grupo, das súas rutinas de funcionamento (se falan moito, se saben cambiar de actividade con facilidade, se saben autoorganizarse...), dos seus coñecementos e competencias previas, etc.

Realizaremos unha primeira intervención sobre o grupo en relación a estes aspectos:

AVALIACIÓN DO GRUPO
Número de alumnos, xestión de aula, asociacións, deseño de espazos.
Funcionamento do grupo (falan moito, cambian con facilidade de actividade...)
Fortalezas identificadas no grupo en canto ao desenvolvemento de obxectivos curriculares. Acta final do curso anterior.
Sociograma de aula: empatías, conflitos, liderazgos...
Estudio de grupos cooperativos e utilización didáctica dos espazos de aula.

Criterios xerais de intervención individuais

Segundo o citado nos criterios xerais deste apartado as estratexias de intervención serán as seguintes:

1. Avaliación individual de alumnado con necesidades educativas de aprendizaxe, de problemática sociofamiliar e de altas capacidades. Detección de alumnado con altas capacidades. Será realizada no mes de setembro seguindo un cuestionario do Departamento de Orientación.
2. Elaboración dun plan conxunto entre a familia e a escola e posibles gabinetes externos para elaborar ámbitos de mellora.
3. Deseño de actividades, tarefas trimestrais para a mellora nos ámbitos deficitarios.

4. Rexistro e valoración do cumprimento do plan de intervención. Modificacións necesarias

ALUMNADO DE AUDICIÓN E LINGUAXE

Segundo os criterios da Comisión de Coordinación Pedagóxica, o alumnado de Audición e Linguaxe será avaliado de xeito conxunto entre a titoría que imparte a materia e o equipo de audición e linguaxe. Os criterios e porcentaxes de calificación serán acordados de xeito conxunto e comunicados ás familias e ao alumnado.

MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA EN FUNCIÓN DOS RESULTADOS ACADÉMICOS E PROCESOS DE MELLORA

❖ **Mecanismos de revisión, avaliación e modificación das programacións didácticas en relación cos resultados académicos e procesos de mellora**

1.-Deseñáronse unidades didácticas ou tarefas a partir dos elementos do currículo?				
2.- Secuenciáronse e temporalizáronse as unidades didácticas/tarefas/proxectos?				
3.- O desenvolvemento da programación respondeu á secuenciación e temporalización?				
4.- Engadiuse algún contido non previsto á programación?				
5.- Foi necesario eliminar algún aspecto da programación prevista?				
6.- Secuenciáronse os estándares para cada unha das unidades/tarefas/proxectos?				
7.- Fixouse un grao mínimo de consecución de cada estándar para superar a materia?				
8.- Asignouse a cada estándar o peso correspondente na cualificación ?				
9.- Vinculouse cada estándar a un/varios instrumentos para a súa avaliación?				
10.- Concretáronse os elementos transversais a desenvolver?				
11.- Fixouse a estratexia metodolóxica común para toda a etapa educativa?				
12.- Estableceuse a secuencia habitual de traballo na aula?				
13.- Son adecuados os materiais didácticos utilizados?				
14.- Deseñouse un plan de avaliación inicial fixando as consecuencias da mesma?				
15.- Elaborouse unha proba de avaliación inicial a partir dos estándares?				
16.- Establecéronse pautas xerais para a avaliación continua?				
17- Establecéronse criterios para os plans específicos de reforzo ou recuperación e apoio?				
18- Elaboráronse os instrumentos de avaliación tendo en conta o valor de cada estándar?				
19.- Leváronse a cabo medidas específicas de atención ao alumnado con NEAE?				
20- Informouse ás familias sobre criterios de avaliación, estándares e instrumentos?				
21.- Seguiuse e revisouse a programación ao longo do curso?				
22.- Contribuíuse desde a materia ao Proxecto lector do centro?				
23.- Usáronse as TIC no desenvolvemento da materia?				

❖ **Indicadores de logro para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente**

INDICADORES DE LOGRO	Escala			
1. O nivel de dificultade do traballo na aula foi adecuado ao alumnado?				
2. Creouse un clima de aula favorable cara á aprendizaxe?				
3. Conseguiuse a participación activa do alumnado?				
4. Contouse co apoio e a implicación das familias?				
5. As necesidades do alumnado foron atendidas?				
6. Usáronse diferentes instrumentos de avaliación?				
7. Dáse un peso real á observación do traballo na aula?				
8. Valorouse o traballo en equipo do alumnado?				
9. Elabóranse propostas de traballo de diferentes niveis competenciais para atender á diversidade?				
10. Deuse resposta educativa ao alumnado con NEAE?				
11. Hai unha proporción equilibrada de traballo grupal e individual?				
12. Poténciase a lectura e a comprensión e expresión oral?				
13. Incorpóranse as TIC no proceso de ensinanza-aprendizaxe?				
14. Ofrécese unha retroalimentación axeitada ao alumnado despois da realización do seu traballo?				
15. Realízase a función titorial e orientadora de forma axeitada?				
16. Leváronse a cabo as adaptacións curriculares propostas e aprobadas?				
17. Avaliase a eficacia dos programas de apoio, reforzo, recuperación, ampliación?				

CONCRECIÓN DOS ELEMENTOS TRANSVERSAIS DO CURRÍCULO

A comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual e a integración das tecnoloxías da aprendizaxe e coñecemento traballaránse en todas as disciplinas da seguinte maneira:

1. Atenderase á diversidade e a todas aquelas medidas que sexan necesarias para conseguir que o alumnado con discapacidade poida acceder a unha educación de calidade en igualdade de oportunidades.
2. Promoverase a igualdade efectiva entre homes e mulleres e a prevención de violencia de xénero, trato non discriminatorio por calquera condición ou circunstancia persoal ou social. Do mesmo xeito promoverá a aprendizaxe da prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social. A prevención da violencia de xénero, da violencia terrorista e de calquera forma de violencia, racismo ou xenofobia. Evitaranse os comportamentos, estereotipos e contidos sexistas e de orientación sexual ou da identidade de xénero. Incorporaranse elementos relacionados con desenvolvemento sostible e o medio ambiente, os riscos de explotación e abuso sexual, as situacións de risco derivadas da utilización das tecnoloxías da información e da comunicación, así como a protección ante urxencias e catástrofes.: *Charlas organizada dende o equipo de Orientación do Centro en colaboración con outras entidades.*
3. Fomentaranse as medidas para que o alumnado participe en actividades que lle permitan afianzar o espírito emprendedor e a iniciativa empresarial a partir de aptitudes como a creatividade, a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza nun mesmo e o sentido crítico.
4. Promoveranse accións para a mellora da convivencia e a prevención dos accidentes de tráfico, con fin de que o alumando coñeza os seus dereitos e deberes como usuario/a das vías en calidade de peón ou peoa.: *Participación na campaña de Educación Vial do Concello de Vigo*

ESTRATEGIAS E ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AOS PLANS DE CENTRO: CONVIVENCIA, PROXECTO LECTOR, PLAN TIC, PROXECTO LINGÜÍSTICO, PLAN DE IGUALDADE

Dende hai xa uns cursos e tralo desenvolvemento normativo dos proxectos de centro, no CEIP Escultor Acuña planificamos dende a Programación Xeral Anual (PXA) os criterios, as estratexias e as actividades para desenvolver en cada curso os plans de centro determinados pola normativa educativa e outros que xorden das necesidades e inquedanzas da nosa comunidade educativa. Expoñemos aquí o traballo a desenvolver nestes plans dende as áreas curriculares para o 6º curso de Primaria

PLANS E PROXECTOS	ESTRATEGIAS/ACTIVIDADES	PROTAGONISTAS
CONVIVENCIA	Traballar mediante grupos colaborativos.	Alumnado
	Buscar solucións colectivas a problemas, retos e acertixos de lóxica (contos matemáticos).	Alumnado
	Organizar as actividades de aula para as sesións (autoxestión de aula).	Alumnado
PROXECTO TAC	Preparar investigacións na rede: viaxes virtuais, mercar produtos, clima, etc.	Alumnado
	Elaborar actividades e presentacións no EDI.	Alumnado
	Realizar correccións colectivas co	Alumnado

	<p>scanner no EDI.</p> <p>Realizar sesións cooperativas desde desde contornos multimedia.</p> <p>Resolución de actividades na aula virtual.</p>	<p>Alumnado</p> <p>Alumnado</p>
PROXECTO LINGÜÍSTICO	<p>Buscar novas na prensa xeral e de ciencia en galego ou en castelán e realizar traballos bilingües.</p> <p>Elaborar carteis en galego coas datas anuais máis relevantes.</p>	<p>Alumnado</p> <p>Alumnado</p>
PROXECTO LECTOR	<p>Analizar a linguaxe e vocabulario propio das áreas curriculares.</p> <p>Ler e comentar (libroforum) artigos e libros.</p> <p>Estudar as vidas dos literatos e científicos.</p>	<p>Alumnado</p> <p>Alumnado</p> <p>Alumnado</p>

PROXECTO DOCUMENTAL ANUAL (BIBLIOTECA) 2021-2022: "Os nosos avós e avoas"	Tradicións oral e escrita dos avós e avoas. Cambios na vida dende a época dos nosos familiares: dereitos, igualdade, oportunidades, tecnoloxía... Xogos populares. Testimonios de vida dos familiares dos noso alumnado.	Alumnado Alumnado

Educación Primaria

6º Curso

Programación didáctica 2021-2022

Parte Específica (Mapa Curricular)



Educación Primaria

6º Curso

Programación didáctica 2021-2022

MAPA CURRICULAR



PARTE ESPECÍFICA POR ÁREAS DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

1. Perfís competenciais das áreas de 6º de primaria

- Estándares de aprendizaxe avaliábeis que contribúen ao desenvolvemento das 7 competencias clave.
- Mapa de Competencias e Estándares.
- Estes estándares serán traballados a través das Programacións de Aula (3º nivel de concreción curricular)

CCL				CMCCT		CD	CAA		CSC		CSIEE	CCEC
MTB1.2.1	CNB5.4.1.	LCB1.5.3.	LCB2.8.1.	MTB1.1.1	MTB.2.8.11	MTB1.2.1	MTB1.1.1	CNB1.1.4	CNB1.3.1	CSB3.3.2.	MTB1.2.1	MTB2.1.1
MTB1.4.2	CNB5.4.2.	LCB1.6.1.	LCB2.8.2.	MTB1.2.1	MTB.2.8.12	MTB1.5.2	MTB1.2.1	CNB1.2.1	CNB1.3.2	CSB3.3.3.	MTB1.3.1	CNB5.4.2.
MTB1.6.1	CSB1.1.1	LCB1.6.2.	LCB2.8.3.	MTB1.3.1	MTB2.9.1	MTB1.6.1	MTB1.3.1	CNB1.3.1	CNB1.4.2	CSB3.3.4.	MTB1.5.1	CSB3.1.2
MTB2.1.2	CSB1.2.1.	LCB1.6.3.	LCB2.8.4.	MTB1.4.1	MTB2.9.2	CNB1.1.1.	MTB1.4.1	CNB1.3.2	CNB2.3.1	CSB3.4.1.	MTB1.5.2	CSB3.4.1.
MTB2.2.1	CSB1.2.2	LCB1.7.1.	LCB2.8.5.	MTB1.4.2	MTB3.1.1	CNB1.1.3.	MTB1.4.2	CNB1.4.1	CNB2.3.3	CSB3.4.2	MTB1.6.1	CSB3.4.2
MTB2.5.2	CSB1.3.1	LCB1.8.1.	LCB2.9.1.	MTB1.5.1	MTB3.1.2	CNB1.3.2.	MTB1.5.1	CNB1.4.2	CNB2.3.4	CSB3.5.1	MTB2.9.1	CSB4.1.1
MTB2.7.5	CCB1.3.2.	LCB1.8.2.	LCB2.9.2.	MTB1.5.2	MTB3.2.1	CNB1.4.2.	MTB1.5.2	CNB2.3.2	CNB2.3.5	CSB3.5.1	MTB2.9.2	CSB3.2.2
MTB2.9.1	CSB1.4.1.	LCB1.8.3.	LCB2.10.1	MTB1.6.1	MTB3.2.2	CNB3.3.5.	MTB1.6.1	CNB2.3.3	CNB3.3.3	CSB3.5.2.	MTB3.6.1	CSB3.3.1.
MTB2.9.2	CSB2.2.1.	LCB1.9.1.	LCB2.10.2	MTB1.2.1	MTB3.2.3	CNB4.4.3.	MTB2.1.2	CNB3.2.2	CNB4.2.2	CSB3.6.1	MTB5.5.1	CSB4.2.1.
MTB3.1.1	CSB2.3.1	LCB1.9.2.	LCB2.10.3	MTB1.4.2	MTB3.4.1	LCB1.3.3.	MTB2.2.1	CNB3.3.5	CNB4.4.5	CSB3.7.1	MTB5.5.2	CSB4.3.1
MTB3.4.2	CSB2.5.1	LCB1.9.3.	LCB3.1.1	MTB1.6.1	MTB3.4.2	LCB1.8.3.	MTB2.5.3	CNB4.1.1	CNB5.1.3	CSB3.7.2.	CNB1.1.1.	CSB4.3.2
MTB3.4.3	CSB2.6.1	LCB1.10.1.	LCB3.1.2	MTB2.1.1	MTB3.4.3	LCB1.11.1	MTB2.6.4	CNB4.1.2	CNB5.4.1	CSB3.7.3.	CNB1.1.3.	CSB4.3.3.
MTB5.5.1	CSB3.1.2	LCB1.11.1	LCB3.1.3.	MTB2.1.2	MTB3.5.1	LCB2.7.1.	MTB2.7.4	CNB4.3.1	CNB5.4.2	CSB3.8.1.	CNB1.2.1	CSB4.3.4.
MTB5.5.2	CSB3.2.1.	LCB1.11.2.	LCB3.2.1	MTB2.2.1	MTB3.6.1	LCB2.9.1.	MTB2.8.1	CNB4.4.3	CSB1.2.1.	CSB3.9.1.	CNB1.3.1.	CSB4.3.5.
CNB1.1.1	CSB3.3.1.	LCB1.11.3	LCB3.2.2.	MTB2.2.2	MTB4.1.1	LCB3.1.1	MTB2.8.12	CNB4.4.4	CSB1.2.2	CSB3.9.2.	CNB1.4.1.	CSB4.3.6.
CNB1.1.2	CSB3.3.2.	LCB1.11.4.	LCB3.2.3.	MTB2.3.1	MTB4.1.2	LCB3.2.4.	MTB2.9.1	CNB5.1.1	CSB1.3.1	CSB3.9.3.	CNB1.4.2.	CSB4.4.1.
CNB1.1.3	CSB3.3.3.	LCB2.1.1.	LCB3.2.4.	MTB2.3.2	MTB4.1.3	LCB3.4.2.	MTB2.9.2	CNB5.2.1	CCB1.3.2	CSB4.1.1	CNB4.1.1.	CSB4.4.2.
CNB1.1.4	CSB3.4.1.	LCB2.1.2.	LCB3.3.1	MTB2.3.3	MTB4.1.4	LCB3.4.3.	MTB3.1.1	CSB1.1.1	CSB1.4.1.	CSB4.2.1.	CNB4.1.2.	CSB4.5.1.
CNB1.4.1	CSB3.5.2.	LCB2.2.1.	LCB3.4.1	MTB2.4.1	MTB4.1.5	LCB3.8.1.	MTB3.1.2	CSB1.2.1.	CSB1.5.1.	CSB4.3.1	CNB4.3.1.	CSB4.5.2.
CNB1.4.2	CSB3.9.2.	LCB2.2.2.	LCB3.4.2.	MTB2.5.1	MTB4.2.1	LCB4.5.1	MTB3.4.2	CSB1.2.2	CSB1.5.2.	CSB4.3.2	CNB4.4.3.	LCB1.7.1.
CNB2.2.1	CSB3.9.3.	LCB2.3.1.	LCB3.4.3.	MTB2.5.2	MTB4.2.2	LGB1.2.1.	MTB3.4.3	CSB1.3.1	CSB1.6.1	CSB4.3.3.	CNB5.2.1.	LCB2.8.5.
CNB2.3.2	CSB4.1.1	LCB2.3.2.	LCB3.5.1.	MTB2.5.3	MTB4.3.1	LGB1.2.2.	MTB3.5.1	CCB1.3.2	CSB1.7.1.	CSB1.4.1.	CNB5.3.1.	LCB2.10.2.
CNB2.3.4	LCB1.1.1.	LCB2.4.1.	LCB3.6.1.	MTB2.6.1	MTB4.3.2	LGB1.8.1	MTB3.6.1	CSB1.4.1.	CSB1.7.2.	CSB1.5.1.	CSB3.7.2.	LCB2.10.3.
CNB3.1.1	LCB1.1.2.	LCB2.4.2	LCB3.7.1.	MTB2.6.2	MTB4.4.1	LGB2.1.1.	MTB4.3.2	CSB1.5.1.	CSB1.8.1.	CSB1.9.1	CSB3.7.3.	LCB3.2.1
CNB3.2.3	LCB1.1.3.	LCB2.4.3.	LCB3.7.2.	MTB2.6.3	MTB4.4.2	LGB2.5.1.	MTB4.4.1	CSB1.5.2.	CSB1.9.1	CSB1.9.2	CSB3.8.1.	LCB3.4.3.
CNB3.3.1	LCB1.1.4.	LCB2.4.4.	LCB3.8.1.	MTB2.6.4	MTB4.5.1	LGB2.5.2.	MTB4.5.1	CSB1.6.1	CS1.10.1	CSB1.10.1	LCB1.3.3.	LCB5.1.1
CNB3.3.2	LCB1.2.1	LCB2.5.1	LCB4.1.1.	MTB2.7.1	MTB4.6.1	LGB2.5.3.	MTB4.6.1	CSB1.7.1.	CS1.10.2	CSB1.10.2	LCB1.3.4.	LCB5.2.1
CNB3.3.5	LCB1.3.1.	LCB2.5.2.	LCB4.1.2.	MTB2.7.2	MTB4.6.2	LGB2.8.3.	MTB4.6.2	CSB1.7.2.	CSB2.3.1	CSB3.6.1	LCB1.8.3.	LCB5.3.1.
CNB4.2.1	LCB1.3.2.	LCB2.5.3.	LCB4.1.3.	MTB2.7.4	MTB5.1.1	LGB3.2.1.	MTB5.1.1	CSB1.8.1.	CSB2.5.1	CSB3.7.1	LCB1.9.3.	LCB5.3.2
CNB4.2.2	LCB1.3.3.	LCB2.5.4.	LCB4.2.1.	MTB2.7.5	MTB5.2.1	LGB3.5.1.	MTB5.2.1	CSB1.9.1	CSB2.6.1	CSB4.3.4.	LCB1.10.1.	LCB5.4.1
CNB4.3.1	LCB1.3.4.	LCB2.5.5.	LCB4.2.2.	MTB2.8.1	MTB5.2.2	LGB3.5.2.	MTB5.2.2	CSB1.9.2	CSB3.1.1.	CSB4.3.5.	LCB1.11.3.	LCB5.5.1.
CNB4.3.2	LCB1.4.1.	LCB2.5.6.	LCB4.2.3.	MTB2.8.2	MTB5.2.3	LGB3.5.3.	MTB5.2.3	CS1.10.1	CSB3.1.2	CSB4.3.6.	LCB1.11.4.	LCB5.6.1.
CNB4.4.3	LCB1.4.2.	LCB2.6.1.	LCB4.2.4.	MTB2.8.8	MTB5.2.4	LGB3.5.4.	MTB5.4.1	CS1.10.2	CSB3.2.1.	CSB4.4.1.	LCB2.6.1.	LGB1.3.2.
CNB5.1.2	LCB1.4.3.	LCB2.6.2.	LCB4.2.5.	MTB2.8.9	MTB5.3.1	LGB3.6.1.	MTB5.5.2	CSB2.1.1	CSB3.2.2	CSB4.4.2.	LCB2.6.2.	LGB1.6.2.
CNB5.3.1	LCB1.5.1.	LCB2.7.1.	LCB4.3.1	MT2.8.10	MTB5.4.1	LGB3.7.1.	CNB1.1.1.	CSB2.4.2	CSB3.3.1.	CSB4.5.1.	LCB2.10.1.	LGB1.6.3.

CCL				CMCCT		CD	CAA		CSC		CSIEE	CCEC
LCB4.3.2.	LGB1.5.2.	LGB2.4.1.	LGB3.4.1.	MTB5.5.1	LCB2.8.4	LGB4.7.1.	CSB2.5.1	LCB1.4.2.	CSB4.5.2.	EPB2.5.3.	LCB2.6.1.	LGB1.6.4.
LCB4.3.3.	LGB1.6.1.	LGB2.4.2.	LGB3.4.2.	MTB5.5.2	LGB2.2.1.	LGB5.2.1.	CSB2.6.1	LCB1.4.3.	LCB1.1.1.	EPB 2.5.4.	LCB2.6.2.	LGB1.6.5.
LCB4.4.1.	LGB1.6.2.	LGB2.5.1.	LGB3.4.3.	CSB1.1.1	EPB3.1.1.	LGB5.2.2.	CSB3.1.1.	LCB1.6.2.	LCB1.1.3.	EMB1.3.1.	LCB2.10.1.	LGB1.7.4.
LCB4.4.2	LGB1.6.3.	LGB2.5.2	LGB3.5.1.	CSB1.2.1.	EPB3.1.2.	PLEB4.1.	CSB3 2.2	LCB1.6.3.	LCB1.1.4.	EMB1.3.2.	LCB2.10.3.	LGB1.9.1.
LCB4.4.3	LGB1.6.4.	LGB2.5.3	LGB3.5.2.	CSB1.2.2	EPB3.1.3.	PLEB4.2.	CSB3.3.2.	LCB1.7.1.	LCB1.3.3.	EMB2.2.6.	LCB3.1.3.	LGB1.11.1
LCB4.4.4.	LGB1.6.5.	LGB2.6.1.	LGB3.5.3.	CSB1.3.1	EPB3.1.4.	PLEB5.3.	CSB3 6.1	LCB1.8.1.	LCB1.3.4.	EMB3.1.4.	LCB3.2.4.	LGB1.13.1
LCB4.4.5.	LGB1.7.1.	LGB2.7.1.	LGB3.5.4.	CCB1.3.2.	EPB3.1.5.	EPB1.2.7.	CSB3 7.1	LCB1.8.2.	LCB1.8.3.	EMB3.1.7.	LCB3.4.2.	LGB1.13.2
LCB4.4.6.	LGB1.7.2.	LGB2.7.2.	LGB3.6.1.	CSB1.4.1.	EPB3.1.6.	EPB1.3.1.	CSB3 7.2.	LCB1.8.3.	LCB1.10.1	EMB3.1.8.	LCB3.4.3.	LGB1.14.1
LCB4.5.1.	LGB1.7.3.	LGB2.7.3	LGB3.7.1.	CSB2.1.1	EPB3.1.7.	EPB1.3.2.	CSB3.7.3.	LCB1.9.2.	LCB1.11.1	EFB1.1.1.	LCB3.7.1.	LGB1.14.2
LCB4.6.1.	LGB1.7.4.	LGB2.7.4.	LGB3.7.2.	CSB2.2.1.	EPB3.1.8.	EPB2.4.1.	CSB3 8.1.	LCB1.9.3.	LCB1.11.2	EFB1.1.2.	LCB5.4.1	LGB2.10.1
LCB4.6.2.	LGB1.8.1.	LGB2.7.5	LGB4.1.1.	CSB2.3.1	EPB3.1.10.	EPB2.4.2.	CSB4.1.1	LCB1.10.1.	LCB2.8.2.	EFB1.1.3.	LGB1.2.2.	LGB2.12.1
LCB5.1.1	LGB1.9.1.	LGB2.8.1.	LGB4.1.2.	CSB2.4.1	EPB3.1.12.	EPB2.4.3.	CSB3 2.2	LCB1.11.1.	LCB2.8.3.	EFB1.1.4.	LGB1.4.1.	LGB2.12.2
LCB5.2.1	LGB1.10.1	LGB2.8.2.	LGB4.1.3.	CSB2.4.2	EPB3.1.13.	EMB2.3.1	CSB3.3.1.	LCB1.11.3.	LCB3.7.2.	EFB1.2.3.	LGB1.4.3.	LGB3.1.4.
LCB5.2.2.	LGB1.11.1	LGB2.8.3.	LGB4.1.4.	CSB2.5.1	EPB3.1.14.	EMB2.3.2	CSB4.2.1.	LCB1.11.4.	LCB4.6.1.	EFB1.3.1.	LGB1.4.4.	LGB3.2.2.
LCB5.3.1.	LGB1.12.1	LGB2.9.1.	LGB4.1.5.	CSB2.6.1	EPB3.1.15.	EMB2.3.3	CSB1.4.1.	LCB2.2.1.	LCB4.6.2.	EFB1.3.3.	LGB1.4.5.	LGB3.2.4.
LCB5.3.2	LGB1.12.2	LGB2.10.1.	LGB4.2.1.	CSB3 2.2	EPB3.2.1.	EFB1.2.1.	CSB3 7.1	LCB2.2.2.	LCB5.5.1.	EFB1.3.4.	LGB1.8.1.	LGB3.2.5.
LCB5.4.1	LGB1.13.1	LGB2.11.1.	LGB4.3.1.	CSB3.3.4.	EFB4.2.1.	EFB1.2.2.	CSB3 7.2.	LCB2.4.1.	LCB5.6.1.	EFB1.3.5.	LGB1.10.1	LGB3.4.1.
LCB5.5.1.	LGB1.13.2	LGB2.11.2.	LGB4.3.2.	CSB3.5.1	EFB4.2.2.	VCSB26.3	CSB3.7.3.	LCB2.4.2	PLEB1.3.	EFB1.3.6.	LGB1.11.1	LGB3.4.2.
LCB5.5.2.	LGB1.14.1	LGB2.12.1.	LGB4.3.3..	CSB3 7.1	EFB5.1.2.	VC3.13.3	CSB3 8.1.	LCB2.5.1	PLEB1.4.	EFB2.1.1.	LGB2.1.3.	LGB3.4.3.
LCB5.6.1.	LGB1.14.2	LGB2.12.2.	LGB4.4.1.	CSB3 7.2.	EFB5.1.3.	VC3.14.4	CSB4.3.3.	LCB2.5.2.	PLEB1.5.	EFB2.1.2.	LGB2.1.4.	LGB4.2.1.
LGB1.1.1.	LGB2.1.1.	LGB3.1.1.	LGB4.4.2.	CSB3.7.3.	EFB5.1.4.	VC3.16.1	CSB4.3.5.	LCB2.5.3.	PLEB4.2.	EFB3.1.1.	LGB2.1.7.	LGB4.3.3.
LGB1.1.2.	LGB2.1.2.	LGB3.1.2.	LGB4.5.1.	CSB3.9.1.	EFB5.2.2.	VC3.17.1	CSB4.3.6.	LCB2.5.4.	PLEB5.1.	EFB3.1.2.	LGB2.1.8.	LGB4.8.1.
LGB1.2.1.	LGB2.1.3.	LGB3.1.3.	LGB4.5.2.	CSB4.1.1	EFB5.2.4.	VC3.17.2	CSB4.4.1.	LCB2.5.5.	PLEB5.2.	EFB3.1.3.	LGB2.2.1.	LGB4.8.2.
LGB1.2.2.	LGB2.1.4.	LGB3.1.4.	LGB4.6.1.	CSB4.2.1.	EFB5.3.1		CSB4.4.2.	LCB2.5.6.	PLEB5.3.	EFB3.1.4	LGB2.4.1.	LGB4.9.1.
LGB1.3.1.	LGB2.1.5.	LGB3.1.5.	LGB4.7.1.	CSB4.3.1	EFB6.3.1.		CSB4.5.1.	LCB2.6.1.	PLEB5.4.	EFB3.1.5.	LGB2.4.2.	LGB4.9.2.
LGB1.3.2.	LGB2.1.6.	LGB3.1.6.	LGB4.7.2.	CSB4.3.2	EFB6.3.2.		CSB4.5.2.	LCB2.6.2.	EPB1.1.1.	EFB3.1.6.	LGB2.5.3.	LGB5.1.1.
LGB1.4.1.	LGB2.1.7.	LGB3.2.1.	LGB4.7.3.	CSB1.1.1	EFB6.3.3.		LCB1.1.1.	LCB2.7.1.	EPB1.3.1.	EFB4.1.1.	LGB2.6.1.	LGB5.1.2.
LGB1.4.2.	LGB2.1.8.	LGB3.2.2.	LGB4.8.1.	CSB1.2.1.	EFB6.3.4.		LCB1.1.2.	LCB2.8.1.	EPB1.3.2.	EFB4.1.2.	LGB2.11.2	LGB5.2.1.
LGB1.4.3.	LGB2.2.1	LGB3.2.3.	LGB4.8.2.	CSB1.2.2	VCSB3.14.4		LCB1.1.3.	LCB2.8.2.	EPB2.3.1.	EFB4.1.3.	LGB3.1.1.	LGB5.2.2.
LGB1.4.4.	LGB2.3.1.	LGB3.2.4.	LGB4.9.1.	CSB1.4.1.			LCB1.1.4.	LCB2.8.3.	EPB2.3.2.	EFB4.1.4.	LGB3.1.2.	LGB5.3.3.
LGB1.4.5.	LGB2.3.2.	LGB3.2.5.	LGB4.9.2.	CSB4.3.4			LCB1.3.3.	LCB2.8.4.	EPB2.3.3.	EFB4.2.1.	LGB3.1.5.	LGB5.3.4.
LGB1.5.1.	LGB2.3.3.	LGB3.3.1.	LGB5.1.1.	LCB2.5.5.			LCB1.3.4.	LCB2.9.1.	EPB2.5.2.	EFB4.2.2.	LGB3.1.6.	LGB5.4.1

CCL			CMCCT		CD	CAA	CSC		SIEE	CCEC	
LGB5.1.2.	EPB1.1.1.	VCSB2.3.2.				LCB2.9.2.	LGB1.6.1.	EFB5.1.2.	VCSB1.6.2	LGB3.3.1.	LGB5.6.1.
LGB5.2.1.	EPB1.1.4.	VCSB2.4.1.				LCB2.10.1.	LGB1.6.5.	EFB5.1.3.	VCSB2.1.1	LGB3.4.1.	LGB5.7.1.
LGB5.2.2.	EPB1.1.5.	VCSB2.4.2.				LCB2.10.2.	LGB1.7.1.	EFB5.1.4.	VCSB2.1.2	LGB3.4.2.	LGB5.7.2.
LGB5.3.1.	EPB1.1.6.	VCSB2.5.1.				LCB2.10.3.	LGB1.8.1.	EFB5.1.5.	VCSB2.1.3	LGB3.4.3.	EPB1.1.1.
LGB5.3.2.	EPB1.2.1.	VCSB2.6.2.				LCB3.1.1	LGB1.9.1.	EFB5.2.1.	VCSB2.2.1	LGB3.5.1.	EPB1.1.2.
LGB5.3.3.	EPB1.2.2	VCSB2.6.3.				LCB3.1.2	LGB1.10.1	EFB5.2.2.	VCSB2.2.2	LGB3.5.2.	EPB1.1.3.
LGB5.3.4.	EPB1.2.3.	VCSB3.2.4.				LCB3.1.3.	LGB1.11.1	EFB5.2.3.	VCSB2.3.1	LGB3.5.3.	EPB1.1.4.
LGB5.4.1.	EPB1.2.4.	VCSB3.3.1.				LCB3.2.1	LGB2.1.3.	EFB5.2.4.	VCSB2.3.2	LGB3.6.1.	EPB1.1.5.
LGB5.5.1.	EPB1.2.5.	VCSB3.3.3.				LCB3.2.2.	LGB2.1.4.	EFB5.3.1	VCSB2.4.1	LGB4.9.2.	EPB1.1.6.
LGB5.6.1.	EPB2.1.10	VCSB3.4.3.				LCB3.2.4.	LGB2.1.7.	EFB6.1.1.	VCSB2.4.2	EPB3.1.13	EPB1.2.1.
LGB5.7.1.	EMB1.1.1.	VCSB3.5.1.				LCB3.3.1	LGB2.1.8.	EFB6.1.2.	VCSB2.5.1	EMB1.2.2	EPB1.2.2
LGB5.7.2.	EMB1.2.1.	VCSB3.7.1.				LCB3.4.1	LGB2.2.1.	EFB6.2.1.	VCSB2.5.2	EFB1.1.1.	EPB1.2.3.
PLEB1.1.	EMB2.1.1.	VCSB3.9.4.				LCB3.4.2.	LGB2.3.1.	EFB6.2.2.	VCSB2.6.1	EFB1.1.3.	EPB1.2.4.
PLEB1.2.	EMB2.3.2.	VCSB3.11.2				LCB3.4.3.	LGB2.3.2.	EFB6.2.3.	VCSB2.6.2	EFB1.1.4.	EPB1.2.5.
PLEB1.3.	EFB1.1.2.	VCSB3.12.1				LCB3.5.1.	LGB2.3.3.	EFB6.3.1.	VCSB2.6.3	EFB1.3.2.	EPB1.2.6.
PLEB1.4.	EFB1.2.2.	VCSB3.13.1				LCB3.6.1	LGB2.4.1.	EFB6.3.2.	VCSB3.1.1	EFB1.3.3.	EPB1.2.7.
PLEB1.5.	EFB1.2.3.	VCSB3.13.2				LCB3.7.1.	LGB2.4.2.	EFB6.3.3.	VCSB3.1.2	EFB2.1.2.	EPB2.1.1.
PLEB1.7.	EFB5.3.1	VCSB3.13.3				LCB3.8.1.	LGB2.5.1.	EFB6.3.4.	VCSB3.2.1	EFB3.1.1.	EPB2.1.2.
PLEB2.1.	EFB6.2.1.	VCSB3.14.1				LCB4.3.1	LGB2.5.3.	EFB6.4.1.	VCSB3.2.2	EFB3.1.2.	EPB2.1.3.
PLEB3.1.	EFB6.3.4.	VCSB3.14.3				LCB4.3.2.	LGB2.6.1.	EFB6.4.2.	VCSB3.2.3	EFB3.1.3.	EPB2.1.4.
PLEB3.2.	VCSB1.1.1	VCSB3.15.1				LCB4.5.1.	LGB2.7.1.	VCSB1.1.1	VCSB3.2.4	EFB3.1.4	EPB2.1.5.
PLEB3.3.	VCSB1.1.3	VCSB3.16.2				LCB5.2.2.	LGB2.7.4.	VCSB1.1.2	VCSB3.3.1	EFB3.1.5.	EPB2.1.6.
PLEB3.4.	VCSB1.2.2	VCSB3.17.3				LCB5.4.1	LGB2.8.1.	VCSB1.2.3	VCSB3.3.2	EFB3.1.6.	EPB2.1.7.
PLEB3.5.	VCSB1.2.4	VCSB3.18.2				LCB5.5.1.	LGB2.8.2.	VCSB1.2.4	VCSB3.3.3	EFB4.1.3.	EPB2.1.8.
PLEB3.6.	VCSB1.3.2	VCSB3.18.3				LGB1.1.1.	LGB2.8.3.	VCSB1.3.1	VCSB3.3.4	EFB5.1.1.	EPB2.1.9.
PLEB4.1.	VCSB2.1.1					LGB1.2.1.	LGB2.9.1.	VCSB1.3.2	VCSB3.4.1	EFB5.1.4.	EPB2.1.10
